

Orde do 25 de maio de 2021, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 2 de xuño).

Alumnado excluído

- Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:
- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102; Fundación Paideia, ou calquera outra que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

Prazos da convocatoria

- **Prazo de maio**, para o alumnado que realiza a FCT nos períodos outubro 2020-marzo 2021, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2021.
Acollerase a este primeiro prazo o alumnado de FP dual.
- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2021.
Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2021**.



Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2021, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

Documentación

- **Arquivo da documentación**

a) Solicitudes orixinais (anexo I).

b) Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT (anexo II).

c) Copia do DNI da persoa solicitante, de ser o caso.

f) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo IV).

c) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación **quedarán arquivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á dirección xeral.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O **anexo III** (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.es **antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes**. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.





Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>

Datas principais do prazo de maio

| | |
|---|----------------------------|
| Publicación da convocatoria no DOG | 2 de xuño de 2021 |
| Prazo de solicitudes | 3 de xuño ao 5 de xullo |
| Publicación no centro da listaxe provisional | 6 de xullo |
| Prazo de reclamacións | 6 de xullo ao 15 de xullo |
| Publicación no centro da listaxe definitiva | 16 de xullo |
| Finalización das prácticas | 16 de xullo ao 30 de xullo |
| Centros que non poidan finalizar o procedemento no prazo indicado por teren alumnado realizando a FCT en xullo e agosto | Finalizarán cando rematen |

Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, nos teléfonos:

981 546 540/981 540 213 (Ana Cordo ou Carmen Rey).

